

INFORME DE INTERVENCIÓN

LICITACION: Contrato de SERVICIOS

SERVIZOS DE CAFETERIA

PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE CON VARIOS CRITERIOS (TRAS QUEDAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO LICITADO)

I. ANTECEDENTES

- Informe sobre a determinación do custe do servizo de cafetería do Tecnico do servizo de réxime interior do 08/06/2016.
- Memoria xustificativa da necesidade do servizo do Tecnico indicado e conformado polo Xefe de Servizo de Réxime Interior.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares
- Pregos de prescricións técnicas
- Informe dos servizos xurídicos asinado 13/06/2016
- Acordo da Mesa do 14/06/2016 polo que se inicia o procedemento aberto, aprobanse os pregos e se abre a licitación.
- Publicacións nos medios indicados nos pregos.
- Rematado o prazo de ofertas non se presentaron e así se deu conta á Mesa de Contratación.

Novo expediente

09/09/2016.- Memoria relativa á contratación administrativa do servizo asinada polo Xefe de Réxime Persoal e Réxime Interior o, na que:

- á vista da falta de ofertas no anterior procedemento cómpre declaralo deserto e facer uso do suposto previsto no artigo 170.c) do TRLCSP, mantendo as mesmas características, requisitos e condicións dos pregos aprobados pola Mesa na sesión do 14/06/2016.
- Asemade indícanse as empresas capacitadas ás que se invitará en numero superior a 3.
- Sinala como criterios de negociación dos de adxudicación propostos.

Acompáñanse os pregos de cláusulas administrativas particulares (adaptados ao proceso de negociación, indicando os criterios de negociación e fases, e introducindo unha folla de calculo) e os pregos de prescricións técnicas.

Consta informe do servizo xurídico favorable asinado o 09/09/2016 e conformado polo LOM.

A intervención retoca o apartado 6 do cadro de características do contrato do PCAP para redistribuír o crédito preciso por anualidades.

II. ANALISE DO EXPEDIENTE

1) *PRINCIPIOS DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA*

Os contratos que celebren as Administracións Públicas deben respectar os principios de publicidade e concorrência (agás as excepcións contidas na propia TRLCSP) e, en todo caso, deben axustarse ós

principios de igualdade e non discriminación. Asemade, conforme ao estipulado nos artigos 22 do TRLCSP, velarase pola eficiencia e mantemento do termos acordados na execución do contrato e atenderase aos principios de aforro e eficiencia enerxética.

Son requisitos para a celebración dos contratos, salvo que expresamente outra cousa se dispoña na TRLCSP os seguintes:

- Motivación da necesidade e idoneidade do contrato.
- A competencia do órgano de contratación.
- Capacidade do contratista adxudicatario.
- Determinación do obxecto do contrato
- A fixación do prezo.
- A existencia de crédito adecuado e suficiente, se do contrato se derivasen obrigas de contido económico para a Administración.
- A tramitación do expediente, ao que se incorporarán os Pregos nos que a Administración estableza as cláusulas que rexerán o contrato e o importe do orzamento do gasto.
- A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, relativos ós contratos.
- A aprobación do gasto polo órgano competente
- A formalización do contrato.

2) NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

O contrato ten **natureza administrativa** tal e como sinala o artigo 19.1 a) da TRLCSP (**contrato de servizos**). Os contratos administrativos rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 da TRLCSP).

A efectos da TRLCSP, enténdese por contrato de **servizos** aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro (artigo 10 da TRLCSP).

Cómpre indicar que ao respecto estudouse se estaríamos ante un contrato administrativo especial, que como cafetería en dependencias públicas era respaldado polos informes emitidos pola JCCA do Estado 14/1991, 5/1996, 67/99 e 24/2005, e contra cuxa adxudicación non cabería de recurso especial en materia de contratación (Resolución TACRC Nº 192/2011 sobre unha cafetería nun palacio de congresos):

- No seu favor esta o feito de que o contratista realiza o cobro directamente dos usuarios, o cal non é posible nun contrato de servizos, e aínda que se encarga da xestión e explotación da cafetería tampouco é exactamente un contrato de xestión de servizos ao abeiro dos informes da Xunta Consultiva de Contratación administrativa.
- Na súa contra, é certo que existe un risco do contratista ao cobrar dos usuarios mais este diminúe considerablemente en tanto unha parte é subvencionada polo PG (o cal é posible tal e como se indica no informe JCCA Andalucía 10/2010 ou o Informe 25/2012 da JCCA do Estado)

Actualmente, trala nova configuración deste no TRLCSP, a doutrina e as XCCA están a configurar o contrato administrativo especial como un contrato de carácter residual, para os casos en que se dirixe a unha competencia dunha administración pública e non encaixa nos contratos clásicos especialmente de de servizos e as súas categorías do anexo II contrato de servizos (informe 13/2014 da JCCA da Comunidade Autónoma de Aragon).

Nesta licitación existe relación onerosa ao ser remunerado en parte polo PG. A resolución 18/2013 do Tribunal Administrativo central de Recursos contractuais di – partindo da resolución 203/2011- que é contrato de servizos aquel onde exista unha relación xurídica onerosa cunha administración pública e teña por obxecto algunha das actividades do anexo II do TRLCSP (Xa o Informe JCCA CA Aragón 29/2008, interpretou que de conformidade coa Directiva 2004/18, se entende incluída na actividade de hostalería e restauración da categoría 7 do anexo II, e así deu lugar á Recomendación 1/2011)

Polo exposto, é contrato de servizos, e ilo aínda que non sexa de prestación obrigada polo PG*, xa que esta o empurra para o seu uso polo persoal do PG e deputados, tratándose dunha cafeteria sen acceso directo ao público e co cal en certo modo é receptora dos servizos. (a sensu contrario, a Sentenza da Audiencia Nacional do 02/12/2015 afirma que non nos atopamos ante contrato de servizos cando o servizo non debe ser prestado pola entidade e tampouco é a receptora nin a destinataria deste, si non que vai dirixido a favor dos particulares)

*As actividades que non constitúen servizos de competencia administrativa pero a complementan, serían contratos patrimoniais que se rexen pola lexislación patrimonial (artigo 89 LPAP), sen embargo, neste contrato é maior o interese do PG que o do contratista. De non ser así, estaríamos ante unha explotación privada de espazos dun edificio de servizo público con actividades que apoian, serven ou auxilian ao persoal que usa o servizo, ou sexa, sería unha actividade complementaria. Digamos que nestes casos unicamente se contrata a ocupación, mentres nesta licitación se procura tamén a axeitada xestión.

De conformidade co artigo 13 e 16 do TRLCSP sobre a suxeición **a regulación harmonizada**, seguindo nelo a pauta marcada pola Directiva 2014/14/CE, o estarán os contratos de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do Anexo II cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 209.000 euros (Orden HAP/2846/2015), aínda que sexa en lotes e coas excepcións do artigo 13.2, o que conlevaría a atención ás normas específicas relativas á publicidade na convocatoria, prazos de presentación de ofertas, adjudicación, etc.

A licitación deste contrato está suxeito á regulación harmonizada: Si Non .

En canto ao **obxecto do contrato**:

- a) non existencia de fraccionamento (artigo 86.2 TRLCSP): *“Non se poderá fraccionar un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adjudicación”.*

Neste sentido, o prazo do contrato deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente á concorrència a súa realización. De feito a licitación realízase mediante procedemento aberto.

Por outra parte, o apartado 3º do artigo 86 di: “ Cando o obxecto do contrato admita fraccionamento e así se xustifique debidamente no expediente, poderá preverse a realización independnete de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, sempre que estos sean susceptibles de emprego ou aproveitamento separado e constitúan unha unidade funcional ou así o esixa a natureza do obxecto”.

Nesta licitación concrétese o obxecto do contrato que se especifica no PPT non observándose fraccionamento.

- b) Necesidade de conexión do obxecto estatutario das persoas xurídicas co obxecto do contrato: O artigo 57 TRLCSP relativo ás persoas xurídicas indica que só poderán ser adjudicatarias de contratos as prestacións dos cales estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Verificarase tal extremo respecto do licitador coa oferta mais vantaxosa.

- c) Necesidade de habilitación empresarial ou profesional: os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da

actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato (versus autorizacións de se-lo caso)

En canto ao cómputo do **valor estimado**, cúmprese o requisito do artigo 88 TRLCSP: “1. A todos os efectos previstos nesta lei, o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total, sen incluír o imposto sobre o valor engadido (...). No cálculo do importe total estimado, deberán terse en conta calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato. Cando se preveran aboar primas ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, a súa contía terase en conta no cálculo do valor estimado do contrato. No caso de que, de conformidade co disposto no artigo 106, se prevera nos pregos ou no anuncio de licitación a posibilidade de que o contrato se modifique, considerárase o valor estimado do contrato o importe máximo que este poida acadar, tendo en conta a totalidade das modificacións previstas”. Si. Non.

Esta licitación lánzase por un orzamento máximo determinado en base ás necesidades que se observaron nas tres últimas contratacións, sendo polo tanto o importe máximo que se abonará ao adxudicatario pola explotación e prestación do servizo de cafetería e comedor. Na memoria xustificase o incremento do custe pola diminución na demanda dos servizos en anos anteriores, unha pola súa peculiaridade (soamente aberto aos deputados, persoal do PG e visitantes) e outra pola xornada continua xeneralizada na institución. É dicir, o PG está a subvencionar o servizo para garantir a súa prestación por estimarse necesario para a institución.

Esta intervención requiriu a inclusión da cláusula no PPT das contas dos contratistas cara a verificar a evolución de ingresos e gastos, posto que se ben é certo que dende que hai unha relación onerosa estímase que estamos ante un contrato de servizos (e neste non hai risco) ao que engadir o feito de que se corresponda cun dos tipos recollidos no anexo II, de non telo subvencionado sería un contrato administrativo especial. Ademais, só na medida en que estea xustificada a necesidade real e imprescindible do servizo e que o custe é o que é e non unha medida de mantemento da explotación polo contratista (ao que engadir que os custes de subministro de electricidade, auga e reparación e reposición de electrodomésticos tamén os asume o PG) , podería manterse a dita subvención e afirmar que existe unha eficiente e eficaz destino dos recursos públicos. Polo exposto, solicitouse e elaborouse un informe de determinación do custe do servizo polo Técnico do servizo de réxime interior.

3) TRAMITACION DO EXPEDIENTE.

No expediente han de **figurar os documentos** precisos aos que fai referencia o artigo 109 da TRLCSP, en concreto:

- Informe de necesidade do servizo
- Incoación do expediente mediante acordo do órgano de contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares
- Prego de prescricións técnicas que rexeran o contrato
- Informe xurídico
- Certificado de existencia de crédito e informe de Fiscalización da Intervención.

A **tramitación** do expediente é:

Ordinaria.

Urxente. (motivos)

- *Material:* Contratos nos que a súa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cando a súa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

SI

NON

- *Formal:* O expediente deberá conter a declaración de urxencia efectuada polo órgano de contratación e debidamente motivada.

SI

NON

De emerxencia. Segundo o artigo 113 da TRLCSP para acudir á tramitación de emerxencia deben darse algúns dos supostos recollidos neste artigo: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten á defensa nacional.

4) **PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

O procedemento de adxudicación (artigo 138 TRLCSP) elixido é o seguinte:

- Procedemento Aberto.**
- Procedemento Restringido.**
- Procedemento negociado.** Supostos do artigo 170 TRLCSP con carácter xeral, e 174 TRLCSP específico para servizos. De entre os cales: por ser o valor estimado inferior a 100.000€ (letra e)
 - Procedemento negociado sen publicidade:**

Neste caso por concorrer o suposto do artigo 170. c) do TRLCSP cando tras seguirse un procedemento aberto ou restrinxido non se presentara ningunha oferta ou candidatura ou as ofertas achegadas non sexas axeitadas, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente.

Deberá primeiramente declararse deserto o procedemento anterior pola Mesa do Parlamento e posteriormente iniciarse este.

Procedemento negociado con publicidade

Deberá publicarse o anuncio de licitación no BOP se o procedemento negociado se tramita por algún dos seguintes motivos (art. 177 TRLCSP):

- Cando se acuda ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias das letras a) e b) do artigo 170, na letra a) do artigo 171 ou na letra a) do artigo 174 TRLCSP.
- Poderá prescindirse da publicación cando se acuda ao procedemento por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúa a todos os licitadores que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentaran ofertas conformes cos requisitos formais esixidos e só a eles.
- Nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada que poidan adxudicarse polo procedemento negociado por ser a súa contía inferior á indicada nos artigos 171.d), 172.b), 173.f), 174.e) e 175, deberán publicarse anuncios conforme ao previsto no artigo 142 cando o seu valor estimado sexa superior a 200.000 euros, si se trata de contratos de obras ou a 60.000 €, cando se trate doutros contratos.
- Serán de aplicación ao procedemento negociado nos casos nos que proceda a publicación de anuncios de licitación, as normas contidas nos artigos 163 a 166

Diálogo competitivo.

5) **CONTIDO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.**

5.1. O expediente debe incoarse polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato, determinando a natureza e extensión das necesidades a cubrir, así como a idoneidade do seu obxecto e contido, deixando constancia de todo elo no expediente, segundo dispón o artigo 22 da TRLCSP, débese igualmente xustificar adecuadamente a elección do procedemento de conformidade co artigo 109 da TRLCSP.

Neste expediente: Consta memoria xustificativa e está pendente o acordo de incoación.

5.2. Elección do procedemento de adxudicación. Determinado na memoria e nos pregos.

5.3. Prego de cláusulas administrativas particulares e Prego de prescricións técnicas. No expediente consta o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que é conforme a lexislación vixente.

Contido do PCAP, de acordo co artigo 67 RCAP:

- Definición do obxecto do contrato
- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato ou os factores de toda orde a valorar

- Prezo do contrato e a súa distribución por anualidades
- Créditos orzamentarios precisos para atender ás obrigas derivadas do contrato, coa indicación da existencia de crédito
- Prazo de execución ou da duración do contrato, con determinación, no seu caso das prórrogas de duración que serán acordadas de forma expresa
- O procedemento de adxudicación
- O importe máximo dos gastos de publicidade da licitación
- Documentación a presentar polos licitadores, así como a forma e contido das proposicións.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Suposto de substitución da documentación establecida no apartado 146.1 TRLCSP por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Neste caso, o licitador proposto para a adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, antes da adxudicación, a posesión e validez dos documentos esixidos.

Suposto no que o valor estimado do **subministro/servizo inferior a 90.000 €**.

Suposto no que se exceden dos límites máximos anteriores pero o órgano de contratación quere facer uso desta potestade.

De acordo coa recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, a declaración responsable só se refire aos documentos do artigo 146.1 TRLCSP, polo que non "lles exime da súa obriga de presentar o documento ao que se refire o artigo 59.2 segundo parágrafo da mesma lei, isto é, aquel no que indiquen os nomes e circunstancias das empresas que constitúan a unión temporal e a participación de cada unha delas, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente nunha unión temporal no caso de resultaren adxudicatarios do contrato".

Suposto de non substitución da documentación do artigo 146.1 TRLCSP (para o caso de superar o importe de 1.000.000€/90.000€ e o órgano de contratación non habilite a posibilidade de presentar DR.

DOCUMENTO UNICO EUROPEO (DEUC)

Ao abeiro da Directiva 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, os licitadores teñen dereito a empregar o DEUC en substitución dos certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se atopa en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar)
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes, así como no seu caso, as normas e criterios obxectivos que se estableceron co fin de limitar o número de candidatos cualificados aos que se convida a participar.

O seu ámbito de aplicación ven determinado pola concorrencia destas dúas circunstancias:

- Que se trate dun procedemento aberto, restrinxido, negociado con publicidade ou diálogo competitivo. Nos negociados sen publicidade o DEUC deberase admitir só cando non supoña unha carga administrativa innecesaria ou resulte inaxeitado (se hai un so participante predeterminado e/ ou pola urxencia do caso ou por razón das características especiais relacionadas coa operación)
- Que se licite un contrato suxeito á directiva.

Aos demais contratos, concesión de obras e de xestión de servizos públicos (harmonizados ou non) e contratos de obras, servizos e subministracións non harmonizadas séguelles sendo de aplicación o artigo 146.6 do TRLCSP.

Polo exposto, nesta licitación:

- Procede DEUC
- Non procede DEUC xa que non concorren as dúas características indicadas na Directiva
- Non procede mais se preve

Requisitos do artigo 146.1 TRLCSP, en canto ao contido das solicitudes:

Os que acrediten a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación

Os que acrediten a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional agás exención via artigo 11.5 do RXLCAP (cando o seu valor estimado non exceda de 80.000€ en obras, ou 35.000€ no resto de contratos)

Da normativa contractual resulta que non é correcto listar simplemente nos pregos os medios de solvencia ou algúns deles e non recoller expresamente un criterio ou umbral de solvencia que a administración debe utilizar para vulga-la solvencia dos licitadores. Non deberán esixirse niveis mínimos de solvencia que non observen a axeitada proporción coa complexidade técnica do contrato e coa súa dimensión económica, xa que, de ser desproporcionada afectaría á propia concorrencia empresarial.

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, incluíndo a manifestación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (agás suposto DEUC)

Para as empresas estranxeiras, estaranse ao disposto no artigo 146.1.e) TRLCSP

Outros segundo disposición legal, de acordo co artigo 146.2 TRLCSP

Criterios para a adxudicación, por orde decrecente de importancia e a súa ponderación

Indicación expresa, no seu caso, da autorización de variantes, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que se admiten.

Cando o procedemento de adxudicación sexa o negociado, os aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de negociación. O informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa establece no punto 6 do seu informe 48/2009, do 1 de febreiro de 2010 que "(...) para poder aplicar o procedemento negociado deben cumprirse de maneira xustificada algún dos supostos establecidos ao efecto, segundo cada tipo de contrato (...), pero sinalando expresamente o prego de cláusulas administrativas particulares os aspectos económicos e técnicos do contrato sobre os que versará a negociación". No punto 4 establécese: "De cano se expón ha de obterse unha clara conclusión como é que o elemento diferenciador do procedemento negociado respecto dos procedementos aberto e restrinxido é que, mentres que nestes nos existe posibilidade de entrar en negociación sobre a proposta presentada por cada licitador, no procedemento negociado esíxese que previamente deber terse sinalado cal será o obxecto da negociación e que, unha vez verificada esta, hande fixarse os termos do contrato (...). Se no prego e, no seu caso, no anuncio non se fixa cal será o obxecto da negociación ou, como sinala o artigo 160, os aspectos técnicos e económicos do contrato, déixase sen cumprir o elemento caracterizador do procedemento , en consecuencia estaremos ante un suposto claro de aplicación do procedemento aberto ou do procedemento restrinxido".

Garantías provisionais e definitivas, así como, no seu caso, complementarias, ou dispensa.

Dereitos e obrigas específicas das partes do contrato e documentación incorporada ao expediente que ten carácter contractual.

Referencia ao réxime de pagamentos.

Fórmula de revisión de prezos ou indicación expresa da súa improcedencia (artigo 89 TRLCSP).

Causas especiais de resolución do contrato.

Especial mención das penalidades administrativas

Prazo de garantía ou xustificación do seu non establecemento e especificación do momento no que comeza o seu cómputo (artigo 222 TRLCSP).

No seu caso, obriga do contratista de gardar o sigilo sobre o contido do contrato adxudicado.

Expresa submisión á normativa de contratación administrativa.

Os restantes datos e circunstancias esixidos para cada caso concreto.

Nos contratos mixtos:

Detallase o réxime xurídico aplicable aos efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles.

Nos contratos de servizos:

Non son obxecto do contrato servizos que impliquen exercizo de autoridade inherente aos poderes públicos (artigo 301.1. TRLCSP)

Recóllese que á súa extinción non poderá producirse a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da institución (artigo 301.4 TRLCSP)

Su duración non é superior a catro anos (artigo 303 TRLCSP)

Prevé prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización do contrato, de xeito que a duración total non exceda de 6 anos, non superando as prórrogas por si mesmas o prazo inicial.

- Non se trata dun contrato complementario de obras ou subministrados que o requiran para a súa realización
- Para os contratos de servizos non será exixible a clasificación (artigo 65 TRLCSP), os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional detallaranse nos pregos da licitación e no anuncio ou invitación nos termos dos artigos 74,75 e 77 TRLCSP.
- Fíxanse os criterios de selección, os medios de acreditar a solvencia e os requisitos mínimos e correspóndense cos previstos para este tipo de contrato na normativa.
- Non se esixen ao abeiro do artigo 11.5 do RXLCAP (redacción dada polo artigo único do RD.773/2015, do 28 de agosto): <<5. Salvo que en los pliegos del contrato se establezca de modo expreso su exigencia, los licitadores o candidatos estarán exentos de los requisitos de acreditación de la solvencia económica y financiera y de acreditación de la solvencia técnica y profesional para los contratos de obras cuyo valor estimado no exceda de 80.000 euros y para los contratos de los demás tipos cuyo valor estimado no exceda de 35.000 euros.>>
- Comprobacións que se deben realizar pola Administración na prestación dos servizos

Consideracións especiais a determinados extremos dos PCAP:

- Os criterios de adjudicación son os previstos no artigo 150 TRLCSP:
- Prezo, en todo caso.
 - Criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato.
- A valoración de máis dun criterio procederá, en particular, na adjudicación dos seguintes contratos, de acordo co artigo 150.3 TRLCSP:
- Nos casos nos que os proxectos ou orzamentos non puideran establecerse previamente e deban presentarse polos licitadores.
 - Cando o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de mellorarse por outras solucións técnicas, a propoñer polos licitadores mediante a presentación de variante, ou por reducións no prazo de execución.
 - Aqueles nos que o órgano, organismo ou entidade contratante facilite os materiais ou os medios auxiliares para a súa execución e, polo tanto, a súa boa utilización esixa garantías especiais por parte dos contratistas.
 - Aqueles que requiran o emprego de tecnoloxía especialmente avanzada ou para os que a execución sexa especialmente complexa.
 - Os contratos de xestión de servizos públicos.
 - Os contratos de subministrados, salvo que os produtos a adquirir estean perfectamente definidos por estar normalizados e non sexa posible variar os prazos de entrega ni introducir modificacións de ningunha clase no contrato sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adjudicación.
 - Os contratos de servizos, salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase no contrato sendo, por conseguinte, o prezo o único factor determinante da adjudicación.
 - Os contratos nos que a súa execución poida ter un impacto significativo no medio ambiente, se na adjudicación se valoraran condicións ambientais mensurables, tales como o menor impacto ambiental, o aforro e o uso eficiente da auga e a enerxía e dos materiais, o custo ambiental do ciclo da vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o uso de materiais reciclados ou reutilizados ou de materiais ecolóxicos.

6) GASTO, FINANCIAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO

6.1. Existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente

É un dos requisitos que deben acreditarse no expediente (artigo 32 do TRLCSP que determina como motivo de nulidade de pleno dereito a non existencia de crédito e o artigo 109 TRLCSP que esixe que se achegue ao expediente o certificado de existencia de crédito)

O orzamento máximo desta licitación para a duración inicial que se prevé (2 anos) é de 242.000€, coa seguinte distribución:

- Valor estimado: 220.000€
- IVE (10%) : 22.000€

Partida orzamentaria	Importe anual Sen iva (€)	Importe anual con iva	2016 (dende o 25/10 ata o 31/12/2016)	2017 (condicionado á existencia de crédito)	2018(do 01/01/2018 ao 24/10/2018, condicionado á existencia de crédito)
01.01.111B. 227.10	110.000	121.000	22.443,54	121.000	98.556,46

Unha vez declarado deserto o procedemento de licitación anterior SRI-PA-5/2016, liberarase o crédito retido para aquel, e disporase de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 01.01.111B.227.10 para o exercizo 2016, parte con cargo á bolsa de vinculación.

No PCAP figura a condición suspensiva de existencia de crédito para os exercizos futuros: Si Non

6.2. Gasto plurianual

O gasto plurianual iniciará a súa execución no propio exercizo: Si Non

O gasto atópase dentro dos supostos de gasto plurianual atendendo á súa natureza (artigo 58 do TRLRFOG*):

- Investimentos e transferencias de capital.
- Transferencias correntes derivadas de normas con rango de lei ou que se concedesen a través de convocatorias ou sinatura de convenios, previa autorización do compromiso plurianual.
- Gastos en bens correntes e servizos cuxa contratación baixo as modalidades establecidas no TRLCSP non puidera ser estipulada ou resultase antieconómica por prazo que abrangue un só exercizo orzamentario.
- Activos financeiros
- Convenios con universidades ou centros docentes cando aqueles haxan de executarse durante cursos académicos coincidentes con dous exercizos orzamentarios.
- Alugueres de bens inmobles
- Cargas financeiras derivadas de operacións de endebedamento

No caso de que esteamos nos primeiros 5 supostos anteriormente citados, cúmprese a limitación temporal de que os exercizos futuros non poderán ser superiores a catro, de acordo co artigo 174.3 TRLFL. Si Non *Aplicase o Decreto Lexislativo 1/1999, do 07 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia por remisión do Regulamento orzamentario do PG.

6.3. Financiamento:

De ser cofinanciado, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas e a orde do seu pagamento, incluíndo unha garantía da súa efectividade (artigo 109.5 TRLCSP). En relación a este último aspecto e, de acordo coas conclusións extraídas do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 50/2002, a dispoñibilidade das achegas por parte dunha Administración Pública queda garantida coa súa concesión, debido ás normas de carácter orzamentario que lles é de aplicación ao seu procedemento.

Este contrato financíase ao 100% con cargo a fondos propios do Parlamento de Galicia.

6.4. Tramitación anticipada

Como unha excepción á obriga de certificar a existencia de crédito axeitado e suficiente, recóllese o suposto estipulado no artigo 110 TRLCSP: "2. Os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adjudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, realícese nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercizo seguinte. A estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións Públicas suxeitas a esta lei." O razonamento está no principio de

anualidade orzamentaria, e débese interpretar restritivamente tal e como considera a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (Informe 10/2000)

Non é o caso.

7) **ORGANO COMPETENTE NA LICITACIÓN E PARA O GASTO**

O artigo 28.2º do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia atribúe á Mesa do Parlamento a iniciación dos procedementos de contratación, aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e dos proxectos técnicos e a adxudicación dos contratos cando o importe do orzamento sexa igual ou exceda de 50.000€ para os contratos de obras e de 18.000€ cando se trate doutros contratos, así como calquera outros onde se comprometan gastos plurianuais.

Asemade o artigo 15 do Regulamento de Réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia, atribúe á Mesa do Parlamento a aprobación dos actos de autorización e disposición do gasto, agás delegación ata a contía que se determine. En tanto o recoñecemento do gasto e pagamentos correspóndenlle á Presidencia.

8) **OUTROS ÓRGANOS**

8.1. MESA DE CONTRATACIÓN:

A constitución de mesa de contratación é obrigada nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade. A mesa constituirase conforme dispón o Real Decreto 817/2009, **publicándose a súa composición no perfil** do contratante cando menos 7 días antes da cualificación da documentación. O numero de membros mínimo é de 5 incluído o Secretario.

O Parlamento ten publicado a composición da Mesa de Contratación Permanente.

Neste caso: procede Mesa de contratación: SI Non Consta nos PCAP: SI Non

8.2. COMITÉ DE EXPERTOS

Por outra banda, de confluír xuízos de valor nalgúns dos criterios de adxudicación, e tratarse dun procedemento aberto ou restrinxido (art. 25 RD.817/2009), procede a constitución dun **comité de expertos de ter os ditos criterios maior ponderación que os avaliados automaticamente por aplicación de fórmulas**. Nos restantes supostos a avaliación efectúase pola mesa de contratación, de habela, senón polo órgano de contratación.

Neste expediente, **procede Comité de expertos** SI No . Consta nos PCAP SI Non

- O comité estará integrado por 3 membros cando menos, coa cualificación profesional axeitada en razón da materia sobre a que verse a avaliación. De ser posible serán da entidade contratante.
- Publicarase a súa composición no perfil antes da calificación da documentación.
- O seu ditame é vinculante para o órgano de contratación.

8.3. COMISIÓN NEGOCIADORA

Nos pregos prevese unha comisión cuxos membros se determinan no cadro de especificacións do contrato (anexo I)

III. CONCLUSIÓN



En virtude da documentación obrante no expediente, e verificados os extremos indicados na Resolución de 02/06/2008, da IGAE, respecto do exercizo da función interventora en réxime de requisitos básicos e a Orden de 04/01/2010 que aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto da Consellería de Facenda, esta **INTERVENCIÓN FISCALIZA DE CONFORMIDADE** os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas por estimalos axustados ao texto refundido da Lei de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.

O orzamento máximo desta licitación para a duración inicial que se prevé (2 anos) é de 242.000€, coa seguinte distribución:

- Valor estimado: 220.000€
- IVE (10%) : 22.000€

Unha vez declarado deserto o procedemento de licitación anterior SRI-PA-5/2016, liberarase o crédito retido para aquel con cargo ao 2016, e disporase de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 01.01.111B.227.10 para o exercizo 2016, parte con cargo á bolsa de vinculación.

Desagrégase por anualidades nos seguintes totais:

2016 (dende o 25/10/2016 ao 31/12/2016): 22.443,54 € (ive engadido)

2017: 121.000€(condicionado á existencia de crédito)

2018 (dende o 01/01/2018 ao 24/10/2018): 98.556,46€ (ive engadido) (condicionado á existencia de crédito)

Deberá primeiramente declararse deserto o procedemento anterior pola Mesa do Parlamento e posteriormente iniciarse este.

No acordo que se adopte deberá quedar condicionado á existencia de crédito nos exercizos vindeiros.

Santiago de Compostela, 09 de setembro de 2016.

A interventora